

Serafina Ríos Malvar

A Serafina emigroulle un dos dous fillos varóns a Bos Aires con 15 anos. Por iso, cando foi do golpe e o seu irmán lle pediu que agochase o seu amigo Manuel Martínez Vázquez, o *Marión*, para que non o matasen, ela meteuno na casa, como lle gustaría que fixese na Arxentina calquera outra nai se o seu fillo o precisara. Ían ser só uns días pero ao final pasou alí anos, tantos que Áurea, a neta que lle deron el e máis a súa filla Rosalía, xa falaba, e ata que o pai se entregou dixéronlle que era un tío para que non o descubrisen. Nunca o fixeron. Grazas á solidariedade de Serafina salvouse dunha morte máis que probable dada a fonda implicación que Manuel -e tamén os seus irmáns, Ramón e Joaquín- tiveran coa II República.

Así o conta o historiador Xosé Álvarez Castro no seu blog [Pontevedra nos anos do medo](#):

“A familia dos ‘Marións’ contou con varios membros que destacaron tanto no eido sindical como no político: Manuel, Joaquín e Ramón Martínez Vázquez. (...) O máis significado da familia foi Manuel, de profesión albanel, participou activamente en canto conflito obreiro houbo en Pontevedra nos anos trinta, detivérono en varias ocasións por coaccións, en 1933 foi denunciado por injurias e calumnias á autoridade e, con motivo dos sucesos de outubro de 1934, foi posto a disposición do comandante militar acusado de coaccionar aos obreiros para que se apuntasen á folga revolucionaria, así como ás persoas que traían á cidade artigos de primeira necesidade; o primeiro de maio de 1935 detéñeno por resistencia aos axentes da autoridade. Membro destacado do Partido Comunista, formou parte do comité



provincial pro estatuto e pertenceu ao comité do Frente Popular. Os informes policiais considerábano gran propagandista dos ideais comunistas entre a clase traballadora e afirmaban que 'concurría uniformado y con corbata roja a todas las manifestaciones que se celebraban con carácter marxista'. Participou activamente na organización da defensa contra o golpe militar permanecendo no goberno civil como integrante do comité de defensa da república. Logo da saída das tropas estivo agochado e foi encausado en rebeldía en dúas causas: na 1229/36 como presunto autor dun delito de rebeldía por supoñérselle participante nun intento de secuestro de familiares de militares, e no quinto rollo da causa 720/37, tamén por rebeldía. A Comisaría emitiu un informe o 22 de marzo de 1937 no que afirmaba: 'es persona de filiación comunista, siendo considerado como de gran peligrosidad, fue directivo de la Casa del Pueblo y perteneció al Comité del Frente Popular'. O vintenove de xaneiro de 1948 presentouse voluntariamente ás autoridades, foi xulgado e condenado a doce anos e un día de cárcere, esta pena foi conmutada por cinco anos de prisión". [Xosé Álvarez Castro en *Pontevedra nos anos do medo.*]

Doce anos foron tamén os que pasou fuxido; a maioría na casa da súa sogra, pero tamén no monte, onde as mulleres da familia, especialmente a súa irmá, Carmen Martínez Vázquez, lle levaban comida.

Na memoria popular quedou a idea de que foron as noites de inverno á intemperie as que lle causaron a enfermidade que lle obrigou a amputar as pernas pasados os anos. Porén, na familia explican que foi pola diabetes.

Serafina quedara viúva moi nova e no momento do golpe vivía con tres fillas: Áurea, Rosalía e Josefa. O seu irmán, Domingo Veiga Ríos¹, pensou que ninguén ía sospeitar daquela casa de mulleres e por iso lle pediu que agochase o seu compañeiro de loita política e sindical. Pasados os anos, cando a nena de Manuel e Rosalía empezou a falar, díxéronlle que aquel home que vivía na casa era o tío Domingos, por se falaba con alguén de fóra.

O mutismo na casa foi tal que, segundo explican na familia, cando foi do embarazo a xente empezou a murmurar sobre a identidade do pai, "culpando a un e a outro" sen sospeitar xamais que puidesen ter acubillado un republicano.

Tal e como calculaba Domingos, nin a xente que lle ía ao xornal desconfiou, e libráronse dos rexistros:

"Nunca foron os cívicos mirar á casa delas. Non tiñan nin idea. Eran todo mulleres e non asociaban. Estaban miña nai, miñas tías, a avoa; tiñan xornaleiras, criadas... e ninguén o soubo. Logo había un rapaz que se criou aquí, o fillo dunha xornaleira que morreu, e a miña avoa botou man del porque xa estivera no hospicio, que el lle chamaba mamá tamén... e el dicía que algunha vez pescou algo pero que calou. Ninguén dixo xamais nada". [Celia Malvar, sobriña de Manuel, o *Marión*].

¹ Segundo explica a neta, non tiñan os mesmos apelidos porque Serafina era filla dunha primeira relación da súa nai e levaba os apelidos dela, e Domingos dunha relación posterior, e levaba o do pai.



Cando por fin recuperou a liberdade, Manuel Martínez volveu exercer como albanel. Durante a II República traballara na construción do goberno civil que logo intentou defender dos golpistas.

O segundo dos irmáns, Joaquín Martínez Vázquez, era carpinteiro e desapareceu en 1936. A súa familia explica que tras o golpe fuxiu e as últimas novas que tiveron del chegaron por carta desde Barcelona, polo que se presume que puido morrer durante a guerra, mesmo pode que se alistase no bando republicano. Recolle Álvarez Castro no seu libro *Mourente* nos anos do medo que, segundo os informes policiais, Joaquín Martínez “era comunista, propulsor do *Socorro Rojo*, afiliado á Sociedade de Ebanistas filial da UXT”. Acusárono “de estar armado en xullo do 36 e ordenar os obreiros que secundasen a folga revolucionaria”.

O terceiro irmán, Ramón Martínez Vázquez, que ocupara os cargos de secretario e contador do sindicato de albaneis, foi detido no seu domicilio de Cons e posteriormente trasladado a San Simón. O seu Consello de Guerra celébrase o 16 de marzo de 1938 e é condenado a cadea perpetua, logo conmutada. Logra a liberdade en 1940. Estaba casado con Aquilina Leiro, irmá dun coñecido cívico da zona, Edelmiro Leiro, o que explica que recibise bos informes deste organismo pero, segundo explica Álvarez Castro, “o tribunal non dá crédito á defensa e é condenado a cadea perpetua conmutada máis tarde”.

O compromiso da familia converteuna en obxectivo principal dos golpistas que, como non puideron atrapar a Manuel nin a Joaquín, detiveron a súa nai, Josefa Vázquez Taboada, e segundo conta a memoria familiar trasladárona á illa de San Simón. Os papeis do Lazareto non recollen que houbera presas pero cada vez son máis os testemuños que avalan o contrario, polo que se sospeita que puidese ser cárcere de paso de mulleres sometidas a detencións gubernativas, sen intervención do xuíz e que, por tanto, non deixarían rastro documental.

Mentres, era a súa filla Carmen a que axudaba a Manuel, no tempo no que aínda non atopara acubillo na propiedade da súa futura sogra. É importante tamén destacar o compromiso que Carmen a *Mariona* tivo sempre coa memoria daquel tempo:

“Lembro a señora Carmen, irmá dos *Marións*, que contaba que se escondía detrás das contras cando miraban pasar o cura Triñanes”. [Flora Torres, filla de Pepe o *Pacheco*].

Paga a pena recuperar a memoria que tamén dela gardou o historiador Xosé Álvarez Castro no seu [blog](#):

“Carmen Martínez ‘A Mariona’ nunca lerá este artigo, pois morreu fai uns anos; tampouco saberá que algunhas das súas conversas con quen isto escribe



aportaron luces ao mellor coñecemento dos anos do medo en Pontevedra. Os seus irmáns eran militantes de esquerda e un deles, Manuel Martínez Vázquez, destacado dirixente obreiro. Logo do golpe fuxiron aos montes dos arredores e as mulleres da casa, co pretexto de coller toxo, deixábanlles comida e roupa en certos lugares, e así ata a entrega, anos despois de rematada a guerra, xa que Manuel non se presentou ás autoridades ata principios do 1948. Carme, xornaleira, nunca calou os nomes dos 'cívicos' e falanxistas de Mourente nin as súas feitorías. Antifranquista e anticlerical, sufriu na súa persoa vexacións, desprezos e privacións económicas. Como se alporizaba cando se dicía que o gobernador Gómez Cantos salvara moitos fuxidos perdoando os que non tivesen as mans manchadas de sangue! Ela sempre sostivo que fora unha trampa para prendelos. Cando se fala da represión esquecemos moitas veces a exercida sobre as mulleres; pero o certo é que, como no caso de Carme, tiveron que asumir o papel de viúvas, fillas, irmás, nais ou compañeiras de fusilados, e ter que poñerse á fronte das familias e sacalas adiante sufrindo, ademais, humillacións e persecucións”.